

**CONCELLERÍA
DE
DEPORTES**

**CONCELLO
DE VIGO**



INFORME PROPOSTA ACLARACION DE ASPECTOS TECNICOS DO PPTP DO EXPEDIENTE 3572/11. PROCESO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO POR LOTES DO VESTIARIO E CALZADO PARA O PERSOAL DEPENDENTE DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO

1.- Antecedentes.

O expediente de contratación para a contratación do subministro por lotes do vestiario e calzado para o persoal dependente do Instituto Municipal dos Deportes, atopase no período de licitación previsto para a presentación de ofertas que finaliza o próximo día 14 de xullo de acordo coa publicación dos anuncios no BOP e DOG.

Con data 6 de xullo de 2015, presentase no rexistro de entrada do IMD, solicitude de aclaración de diversos aspectos técnicos do PPTP.

2.- Proposta.

Con data 7 de xullo, o Director Técnico do IMD, emite informe de aclaración dos aspectos solicitados, entendendo que os mesmos teñen fundamentalmente como orixe un erro material da correcta definición dos mesmos, polo cal a súa aclaración non ten ningunha incidencia no ámbito do obxecto do contrato, e si posibilitará unha mellor interpretación dos requisitos que define o propio prego de prescricións técnicas particulares, polo cal, considerase oportuno dar coñecemento desta aclaración, co obxecto de facilitar a comprensión do citado PPTP e favorecer a concorrancia no proceso de licitación aberto.

En base o contido deste informe e tendo en conta que na actualidade e derivado do recente proceso electoral, atopámonos que:

- ✓ De acordo co decreto de delegacións de competencias do Alcalde de Vigo de data 19 de xuño de 2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local da 19 de xuño de 2015, a Presidencia da Xunta Reitora do IMD correspóndelle o Concelleiro Delegado da Area de Deportes D. Jose Manuel Fernández Pérez.
- ✓ A constitución da Xunta Reitora do IMD, como órgano de contratación, atopase pendente do nomeamento definitivo dos seus membros.

Ante esta situación e co obxectivo de posibilitar a aprobación do informe das aclaracións mencionadas, que posibilitará unha mellor interpretación e comprensión do PPTP e favorecerá a concorrancia no proceso de licitación aberto, considerase adecuado propoñer o Presidente da Xunta Reitora do IMD a adopción dos seguintes acordos:



**VIGO,
terreo de xogo**

Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/07/2015 12:36

Páxina 1 de 2

Expediente 3572/11

Código de verificación: 24E23-BC5C8-CCA2A-3C5B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA
DE
DEPORTES**

**CONCELLO
DE VIGO**



Primeiro: Aprobar o informe emitido polo Director Técnico do IMD en resposta a solicitude de aclaración de diversos aspectos das especificacións do PPTP que rexe o proceso de licitación da contratación do subministro por lotes do vestiario e calzado para o persoal dependente do Instituto Municipal dos Deportes.

Segundo: Proceder a publicación do citado informe no perfil do contratista do IMD para o coñecemento dos licitadores e dar conta deste acordo a Xunta Reitora do IMD.

Vigo, a data da sinatura dixital
O director deportivo do IMD-xefe Ud. Técnica
Asdo.: José Ángel Otero Lamas.

RESOLVO:

De conformidade coa proposta que antecede, e en base as competencias atribuídas pola presente lexislación (artigo 127 da Lei 7/85), así como o Decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 19 de xuño de 2015, aprobada pola Xunta de Goberno Local da 19 de xuño de 2015, e os propios estatutos do IMD, procede aprobar:

Primeiro: Aprobar o informe emitido polo Director Técnico do IMD en resposta a solicitude de aclaración de diversos aspectos das especificacións do PPTP que rexe o proceso de licitación da contratación do subministro por lotes do vestiario e calzado para o persoal dependente do Instituto Municipal dos Deportes.

Segundo: Proceder a publicación do citado informe no perfil do contratista do IMD para o coñecemento dos licitadores e dar conta deste acordo a Xunta Reitora do IMD.

Vigo, a data da sinatura dixital
O Presidente da Xunta Reitora do IMD

Jose Manuel Fernández Pérez

Dou fe:
A Secretaria Da Xunta Reitora do IMD

Mª Concepción Campos Acuña



VIGO,
terreo de xogo

Avenida de Castrelos, 1
36210 Vigo
Tlf.: 986 23 59 01



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 10/07/2015 12:36

Páxina 2 de 2

Expediente 3572/11

Código de verificación: 24E23-BC5C8-CCA2A-3C5B2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>